O art. 176 do TRLRFL establece o principio xeral de temporalidade dos créditos. Non obstante, como excepción a ese principio xeral, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente, as obrigas seguintes:

a) As que resulten de liquidacións de atrasos a favor de persoal que perciban as súas retribucións con cargo aos orzamentos xerais da entidade local.



b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación dos créditos que amparen proxectos de gastos con financiamento afectado, que deberán de incorporarse obrigatoriamente salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto ou se faga imposible a súa realización. No resto dos casos, a aplicación do gasto realizarase, de ser posible, a créditos previamente incorporados, e no caso contrario, aos créditos iniciais do orzamento corrente.

Non obstante o anterior, establécense as seguintes excepcións:

1. Con carácter excepcional, e para garantir o correcto funcionamento dos servizos básicos, poderanse imputar ao crédito do exercicio vixente sen necesidade de tramitación previa de expediente de incorporación de remanentes, os gastos de natureza corrente correspondentes a mantemento de servizos básicos esenciais – ordinarios, recorrentes, periódicos, repetitivos e de tracto sucesivo-, devengados nos dous últimos meses do exercicio anterior, cuxa tramitación non se realizara no exercicio de devengo, sempre que se acredite no expediente os seguintes requisitos:

- a) Que se refiran a gastos derivados de contratos debidamente formalizados, executándose de conformidade coas directrices normativas e orzamentarias vixentes, e sempre que a súa imputación orzamentaria non supoña imposibilidade de imputación de créditos consignados para a atención das obrigas do exercicio.
- b) Que exista crédito dabondo nas consignacións orzamentarias incluídas nos orzamentos.
- c) Que queden acreditadas as circunstancias que motivaron a imposibilidade da súa imputación ao exercicio de devengo.

2. Gastos realizados ou devengados nos últimos dous meses do exercicio que pola súa contía se encadren dentro dos denominados “contratos menores” pola lexislación de contratos das administracións públicas, sempre que exista crédito dotado. Considerarase, a estes efectos, que a retención de crédito derivada da proposta de gasto remitida polas respectivas unidades xestoras para a súa elevación á Intervención, equivale ao compromiso correspondente a favor do terceiro proposto.

3. Obrigas derivadas de cotas de participación en asociacións, consorcios, agrupacións, etc., recollidas nos seus respectivos estatutos, dos que o concello formara parte de conformidade cos acordos adoptados polo órgano competente.

c) O artigo 26 do Real decreto 500/1990, establece o principio de temporalidade, engadindo como excepción as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o art. 60.2 do Real decreto 500/1990, é dicir, os recoñecementos extraxudiciais de crédito.

Enténdese polo tanto, dentro do contexto do principio de imputación temporal dos créditos, por obrigas obxecto de recoñecemento extraxudicial aquelas que, xeradas en exercicios anteriores, deba ser satisfeitos a terceiros de boa fe por aplicación do principio de



prohibición do enriquecemento inxusto da administración e non se deriven de compromisos de gasto debidamente adquiridos polos seguintes motivos:

- Por realizarse os ditos gastos sen consignación orzamentaria en exercicios anteriores.
- Cando, existindo consignación orzamentaria en exercicios anteriores, o gasto non se comprometeu na forma debida.

O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ao Pleno cando no expediente tramitado ao efecto non se acredite a existencia de crédito dispoñible suficiente nas aplicacións orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade con establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real decreto 500/1990. En todo caso, enténdese que existe dotación orzamentaria cando o orzamento en vigor prevea aplicacións orzamentarias específicas para gastos relativos a exercicios anteriores e se correspondan cos que sexan obxecto de recoñecemento extraxudicial.

O recoñecemento extraxudicial de créditos que lle corresponde aprobar ao Pleno esixe os seguintes trámites:

- a) Recoñecemento da obriga, mediante a explicación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación, motivando a necesidade de facer fronte, a favor do interesado, ao valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.
- b) Existencia de dotación orzamentaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto, xa sexa mediante consignación inicial ou posterior ou ben derivada dunha modificación tramitada para o efecto.

A dotación orzamentaria, de existir no orzamento para gastos, en principio, do mesmo exercicio, requirirá o informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte aplicación orzamentaria.

O expediente para o recoñecemento da obriga deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

- a) Memoria xustificativa subscrita polo xefe de servizo responsable e conformada polo concelleiro delegado, sobre os seguintes extremos:
  - Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo e/ou orzamentario correspondente.
  - Data ou período de realización.
  - Importe da prestación realizada.



- b) Factura detallada, ou documento que acredite a realización do gasto, da prestación realizada debidamente conformada polos responsables do servizo e, se é o caso, certificación de obra.
- c) Informe do servizo correspondente, nos casos de imputación ao orzamento do exercicio corrente, de que non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso. Noutro caso, o expediente de recoñecemento extraxudicial requirirá a tramitación previa ou simultánea de modificación de créditos.
- d) Informe da Intervención xeral.
- e) Calquera outro documento que se estime necesario para unha mellor xustificación do gasto.

## **BASE 16.ª - CESIÓN DE CRÉDITOS**

### **16.1. REQUISITOS NECESARIOS PARA A EFECTIVIDADE DAS CESIÓNS**

1. Os contratistas que teñan dereito de cobro de facturas fronte ao Concello poderán ceder o mesmo conforme a dereito, de conformidade co artigo 200 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

2. Para que a cesión de cobro das facturas teña plena efectividade fronte ao Concello, serán requisitos indispensables:

a) A notificación fehaciente do acordo de cesión conforme ao procedemento descrito mais adiante.

b) A existencia dun dereito de crédito fronte ao Concello, o cal esixe que o contratista cumprira a súa satisfacción a prestación contratada e de conformidade co contrato e emitido a factura correspondente, estando a mesma conformada polos servizos técnicos municipais e recoñecida a obriga polo órgano competente.

c) Que o crédito obxecto da cesión non se atope xa en estado de “Pagado”, nin exista con anterioridade sobre o mesmo, “anotación de embargo vixente xudicial ou administrativo na contabilidade municipal”

3. En calquera caso, non terán efecto fronte ao Concello de Narón, polo que non se tomará razón das mesmas, as cesións de crédito relativas a:

d) Certificacións de obras ou facturas incluídas en expediente de recoñecemento de obrigas nos que se formulara reparo suspensivo polo órgano interventor conforme ao artigo 216 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



e) Certificacións de obras ou facturas emitidas por persoas físicas ou xurídicas que non se atopen ao corrente no pago das súas obrigas coa Administración Acredora.

f) Certificacións de obras ou facturas emitidas por persoas físicas ou xurídicas incluídas en expediente de compensación iniciado pola Administración acreedora.

g) Certificacións de obras ou facturas non presentadas no Rexistro de Facturas do Concello.

4. Unha vez que o Concello teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago deberá ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento do Concello, os mandamentos de pago a nome do contratista ou cedentes surtirán efectos liberatorios.

5. As cesións anteriores ao nacemento da relación xurídica da que deriva o dereito de cobro non producirán efectos fronte ao Concello. En todo caso, a Administración poderá opoñer fronte ao cesionario todas as excepcións causais derivadas da súa relación contractual.

6. As cesións de crédito notificadas deberán ser rexistradas no Rexistro de cesións de crédito do Concello, integrado no sistema de información contable. Dito rexistro asignará a cada cesión un número que permitirá identificar dita cesión en toda a tramitación das operacións afectadas pola mesma.

7. A cantidade a abonar ao cesionario poderá ser inferior ao importe certificado ou facturado cando ao momento de recoñecer a obriga se practiquen os descontos correspondentes, conforme ao disposto no prego de condicións ou na lexislación vixente. Sobre dito desconto deixarase constancia na toma de razón segundo o procedemento descrito no apartado relativo ás “Actuacións a desenrolar polos órganos competentes para a tramitación da factura en relación coas cesións de crédito”.

## **16.2.- NOTIFICACIÓN FEHACIENTE AO CONCELLO DO ACORDO DE CESIÓN.**

1. Para que a cesión do dereito de cobro sexa efectiva fronte ao Concello, será requisito imprescindible a notificación fehaciente do acordo de cesión.

2. A notificación da cesión ao Concello poderá realizarse:

- Ao tempo de expedirse calqueira factura ou tramitarse as correspondentes certificacións de obra.
- Unha vez celebrado o contrato e antes de que o Concello efectúe calquer pago ao contratista –cedente, se ben a efectividade da cesión non se producirá ata que, teña lugar o recoñecemento da obriga.

### **MODALIDADE 1. NOTIFICACIÓN DA CESIÓN AO TEMPO DE EXPEDIRSE CALESQUEIRA FACTURA OU TRAMITARSE AS CORRESPONDENTES CERTIFICACIÓNS DE OBRA.**

1. Para que a cesión do crédito se considere “fehacientemente notificada ao Concello”, o cedente ou cesionario deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello, solicitude de toma



de razón da cesión á que xuntarán a seguinte documentación, necesaria para poñer de manifesto que a cesión se realizou conforme a dereito:

- a) Documento de cesión ou título xustificativo do crédito (factura ou certificación de obra) na que quede insertada a cláusula ou dilixencia da cesión, deixando constancia da fórmula da cesión e aceptación, e incluíndo a identificación do crédito obxecto de cesión (número de factura, data de expedición, concepto e importe), os datos bancarios do cesionario necesarios para efectuarlle o pago, así como ao pé a firma do cedente e cesionario e o número do documento de identidade (DNI) dos asinantes, podendo empregarse o modelo que facilite a Tesourería cumprimentado en todos os seus extremos.

Ademais, o cesionario deberá de remitir a ficha de datos bancarios no modelo normalizado aprobado polo Concello.

Cando o poder para efectuar a cesión do crédito sexa mancomunado deberán de constar as sinaturas e identificacións de todos os apoderados.

- b) Copia cotexada dos títulos de apoderamento do asinante cedente e asinante cesionario que acrediten a súa capacidade para ceder e aceptar o crédito, respectivamente, ou indicación da data de presentación no Rexistro Xeral da referida documentación, ou identificación do expediente municipal con ocasión do cal foi presentada, se a mesma xa consta presentada no Concello; así como copia cotexada dos documentos de identidade (DNI) de cada un dos asinantes.

Os apoderamentos poderán ser bastanteados pola Secretaría municipal, que verificará as facultades de representación de quen actúe, no seu caso, en nome e por conta do cedente e do cesionario.

Non se requirirá a documentación sinalada no apartado b) cando o documento de cesión do crédito referido no apartado a) se outorgara ante notario ou fedatario público, debendo estenderse no propio documento dilixencia notarial de lexitimación de sinaturas e acreditación da capacidade dos asinantes para ceder e aceptar o crédito.

2. Debe de presentarse unha solicitude singular e específica para cada factura.

3. Cando así sexa requirido polos interesados na solicitude, facilitaráselle unha fotocopia do documento na que conste a toma de razón.

4. En tanto non se atopen habilitados os procedementos necesarios para a presentación da documentación electrónica da cesión e de representación coa factura electrónica, a presentación da documentación acreditativa do acordo de cesión e das facultades de representación realizarase ao marxe da factura electrónica no Rexistro Xeral do Concello.

## **MODALIDADE 2: NOTIFICACIÓN DA CESIÓN , ACORDADA UNHA VEZ CELEBRADO O CONTRATO, DE TODOS OS PAGOS QUE DEBAN EFECTUARSE POR RAZÓN DO MESMO.**

1. Resulta admisible que se notifique a cesión acordada pouco despois de adxudicado o contrato ao contratista-cedente e antes de que se efectúe calquer pago, se ben, como se



indicou, a efectividade da cesión e a toma de razón en contabilidade non se producirá ata que, teña lugar o recoñecemento da obriga. Agora ben, dito acordo de cesión debe ir referido a “unha concreta relación contractual” sen que, polo tanto, resulten admisibles cesións de créditos xenéricas ou de contratos futuros.

2. Así, unha vez adxudicado o contrato, de efectuarse a notificación da cesión, esta producirá todos os seus efectos (transmisión do dereito de crédito ao cesionario e cobro por este último) respecto de todos os pagos que poden efectuarse por razón do contrato. De efectuarse a notificación da cesión despois de terse efectuado ao cedente-contratista un ou varios pagos, estes quedarán subsistentes, quedando liberado o Concello respecto destes pagos, de forma que a cesión só producirá os seus efectos respecto dos pagos posteriores e sen que, polo tanto, o cesionario poida reclamar ao Concello o pagos feitos por este con anterioridade á notificación da cesión.

3. Para que a cesión se considere “fehacientemente notificada” ao Concello, o cedente ou cesionario deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello, solicitude de toma de razón da cesión dos créditos futuros que se deriven do contrato adxudicado, a que xuntarán a seguinte documentación, necesaria para poñer de manifesto que a cesión foi realizada conforme a dereito:

a) Contrato de cesión no que figure a cláusula de cesión e aceptación, con identificación do contrato adxudicado polo Concello cuxos pagos son obxecto da cesión (acordo de adxudicación, data de formalización, concepto e prezo con desagregación do IVE repercutido), os datos bancarios do cesionario necesarios para poder efectuarlle o pago, así como ao pé, a firma do cedente e cesionario e o número de identidade (DNI) dos asinantes.

Ademais, o cesionario deberá de remitir a ficha de datos bancarios no modelo normalizado aprobado polo Concello.

Cando o poder para efectuar a cesión do crédito sexa mancomunado deberán de constar as sinaturas e identificacións de todos os apoderados.

b) Copia cotexada dos títulos de apoderamento do asinante cedente e asinante cesionario que acrediten a súa capacidade para ceder e aceptar o crédito, respectivamente, ou indicación da data de presentación no Rexistro Xeral da referida documentación, ou identificación do expediente municipal con ocasión do cal foi presentada, se a mesma xa consta presentada no Concello; así como copia cotexada dos documentos de identidade (DNI) de cada un dos asinantes.

Os apoderamentos poderán ser bastanteados pola Secretaría municipal, que verificará as facultades de representación de que actúe, no seu caso, en nome e por conta do cedente e do cesionario.

Non se requirirá a documentación sinalada no apartado b) cando o documento de cesión do crédito referido no apartado a) se outorgara ante notario ou fedatario público, debendo estenderse no propio documento dilixencia notarial de lexitimación de sinaturas e acreditación da capacidade dos asinantes para ceder e aceptar o crédito.





4. Este procedemento evita que o contratista-cedente teña que notificar ao Concello, con ocasión de cada pago que este realice a existencia do contrato de cesión, e, á súa vez, exonera ao Concello de ter que facer as oportunas comprobacións con ocasión de cada pago, se ben será necesario que se inserte a cláusula de endoso en cada un dos documentos de cobro individuais (facturas).

## **16.3. ACTUACIÓN A DESEÑOLAR POLOS ÓRGANOS COMPETENTES PARA A TRAMITACIÓN DAS FACTURAS EN RELACIÓN ÁS CESIÓN DE CRÉDITO.**

1.A comunicación da cesión é o acto que inicia o procedemento administrativo correspondente a fin de que o mandamento de pago se expida a favor do cesionario. Corresponde á Tesourería a tramitación do referido procedemento.

2.Recibido no Servizo de Tesourería a comunicación da cesión, se a obriga estivera recoñecida e contabilizada pero pendente de pagamento, procederá a bloquear o pago ao acredor cedente, procedéndose da seguinte forma:

- Se a solicitude de toma de razón non contén a documentación requirida nos apartados anteriores, se requirirá ao interesado para que, no prazo de dez días, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixera, terase por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, surtindo efectos liberatorios os mandamentos de pago a nome do contratista cedente. Corresponde á Alcaldía, ditar no seu caso, a resolución declarando o desestimento da solicitude, con indicación dos feitos producidos, as normas aplicables e os efectos liberatorios dos mandamentos de pago a nome do contratista, que será notificada ao interesado.
- Se a solicitude de toma de razón contén, inicialmente ou tras a subsanación, a documentación requerida, a Tesourería municipal emitirá informe de verificación en relación cos seguintes extremos:

- A. Existencia dun dereito de crédito do contratista-cedente fronte ao Concello, o cal esixe que figure rexistrada en contabilidade o recoñecemento da obriga de pago ( fase ADO) do crédito obxecto de cesión a nome do contratista – cedente, no seu caso.
- B. Existencia dun contrato adjudicado polo Concello ao contratista cedente cuxos pagos son obxecto de cesión, o que esixe que figure rexistrado en contabilidade o compromiso de gasto ( Fase AD, D) a nome do contratista cedente.

Considerarase que existe un “compromiso de gasto” a favor do contratista - cedente naqueles casos en que a operación de RC gravado no soporte contable coa proposta de gasto sexa por importe igual ao que figure na factura cuxos créditos se pretenden ceder e exista equivalencia das prestacións e do terceiro acredor que figure rexistrado en dita operación.





3. Corresponde á Alcaldía, á vista dos informes emitidos, ditar, no seu caso, resolución acordando que o mandamento de pago se expida a favor do cesionario do crédito ou se a notificación se realiza ao tempo da adxudicación, acordando a expedición a favor do cesionario dos pagos futuros que deban realizarse por razón do contrato, con indicación expresa de que a efectividade da cesión e a toma de razón en contabilidade non se producirá ata que, teña lugar o recoñecemento da obriga, sendo necesario que se inserte a cláusula do endoso en cada unha das facturas individuais.

4. Non se tomará razón en contabilidade da cesión de dereitos de cobro (facturas) que non conteñan tal cláusula, na medida en que os dereitos de cobro solo se poden ceder dende que existen, isto é, dende que foi executada a prestación do contrato.

## **BASE 17.<sup>a</sup> - ORDENACIÓN FORMAL DOS PAGOS**

1.- É o acto mediante o cal o ordenador de pagos, con base nunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pago contra a Tesourería da entidade.

A expedición de ordes de pago acomodarse ao Plan de Disposición de Fondos que se estableza, coa periodicidade e vixencia que o mesmo determine, polo alcalde.

2.- Compete ao alcalde ordenar os pagos, función que poderá ser exercida, nos casos de ausencia ou enfermidade, polo Concelleiro que designe.

En todo caso e de conformidade co disposto no artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, en relación cos artigos 43 e 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e demais normativa de aplicación, o alcalde poderá delegar en calquera concelleiro a ordenación dos pagos, cos límites que se establezan no propio decreto de delegación.

3.- O acto administrativo de ordenación do pago materializarase en relacións de ordes de pago que recollerán, como mínimo e para cada unha das obrigas nelas contidas, o importe bruto, os descontos ou retencións no seu caso, o importe líquido, a identificación do acredor e a aplicación ou aplicacións orzamentarias a que deban imputarse as operacións.

Asemade, a ordenación do pago pode efectuarse individualmente respecto de obrigas específicas e concretas.

Cando o recoñecemento das obrigacións e as ordes de pago impútense ás mesmas aplicacións orzamentarias e obedezan ao cumprimento de compromisos de igual natureza, a identificación dos acredores e dos importes bruto e líquido poderá ser reflectida en relacións adicionais, con base nas cales poderase proceder ao pago individual das respectivas obrigacións mediante transferencia dos fondos ás contas correntes situadas en Bancos ou Entidades financeiras apuntadas polos interesados.



Na orde de pago figurará como perceptor o Banco ou Entidade financeira colaboradora encargada de executar as ordes de transferencia.

As ordes de pago acumuladas, xuntamente coas relacións adicionais, terá a mesma eficacia en relación cos acredores que as ordes de pago singularizadas.

4.- A expedición de ordes de pago realizaranse pola Tesourería do Concello ou a dos Organismos autónomos, en función das dispoñibilidades de liquidez existentes, e acomodarse ao Orzamento de tesourería e, en particular, ao que se dispoña sobre estas en o Plan de Disposición de Fondos, respectando a orde de prelación do mesmo.

En calquera caso, a expedición das ordes de pago axustarase en canto a prazos e termos, ao disposto na vixente lexislación.

5.- Nos Organismos autónomos, as competencias do alcalde da corporación enténdense atribuídas ao presidente do organismo.

6. Desaparición do documento contable "P" en todas as súas modalidades.

En virtude do contido na Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro (Economía e Facenda), pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, elimínase o rexistro en partida dobre da ordenación do pago, dado o seu carácter de operación de ámbito interno sen contido económico fronte a terceiros. No entanto, devandito rexistro poderá permanecer como instrumento para o control da execución do plan de Disposición de Fondos ou outro tipo de seguimentos.

Tendo desaparecido a anotación da fase contable P que recollía a orde de pago formal (o cal servía de soporte documental á orde de pago), non será preciso expedir documentos contables "P" que recollan a orde de pago, sen prexuízo de que se siga ordeando o mesmo.

As relacións de ordes de pago poderanse tramitar conxunta e simultaneamente coas relacións de pagos materiais, debendo constar en devandito documento a referencia a ambas fases (ordenación do pago e pago material).

7. Por razóns de eficacia administrativa na xestión económico-financeira a Tesourería municipal expedirá os pagos pendentes de aplicación ou pagos non orzamentarios, segundo proceda, polas comisións, intereses e outros gastos bancarios ou similares que sexan cargados en conta, aos efectos de cadre, de que a contabilidade reflecta a imaxe fiel, e de que todos os pagos cargados en conta estean ordeados, sen prexuízo de que, se procede, tramítense con posterioridade o expediente de gasto.

A Tesourería rexistrará na contabilidade aqueles gastos bancarios ou similares cargados en conta que non sexan previamente autorizados, sen prexuízo da súa reclamación á Entidade financeira para a súa reposición, ou posterior convalidación do gasto e aplicación definitiva ao Orzamento.



## **BASE 18.<sup>a</sup> – ORDENACIÓN MATERIAL OU REALIZACIÓN DO PAGO**

1.- A ordenación material ou realización do pago supón o cumprimento das obrigas recoñecidas a cargo do Concello ou dos seus Organismos autónomos, podendo consistir, en función de que supoñan ou non unha saída material de fondos, en pagos en efectivo e pagos en formalización, respectivamente.

2.- Corresponde á Tesourería do Concello ou á dos Organismos autónomos dependentes dela a función administrativa da ordenación de pagos e a súa execución.

3.- O pago en efectivo realizarase por algún dos seguintes medios, cos requisitos e condicións que para cada un deles establécense:

a) Transferencia bancaria.

b) Cheque, que será “*nominativo non á orde*”. No entanto, efectuarase o pago por cheque “*ao portador, cruzado para abonar en conta*” cando non sexa fisicamente posible a inserción completa do nome, razón social ou denominación do perceptor no documento de cheque por tratarse dunha pluralidade de perceptores agrupados baixo formas tales como comunidades de bens, unións temporais de empresas, agrupacións de interese económico ou supostos análogos. Tamén poderá efectuarse o pago por cheque “*ao portador*” cando concorran circunstancias excepcionais, apreciadas pola Tesoureira, que fixesen que, de expedirse o documento doutro xeito, puidese causarse grave prexuízo económico ao interesado.

c) En diñeiro de curso legal, cando o pago se realice a través dunha Caixa pagadora (réxime de Anticipo de Caixa Fixa), segundo as súas normas reguladoras específicas.

d) Por consignación na Caixa Xeral de Depósitos.

e) Xiro postal.

f) O pago telemático, mediante a obtención do NRC, nas liquidacións ou autoliquidacións da AEAT ou nos supostos en que sexa requirido.

g) Sen prexuízo do establecido nos apartados anteriores, o pago dos gastos derivados de operacións financeiras poderá atenderse mediante “*domiciliación bancaria*” na conta corrente municipal que se determine, sempre que así se estableza no propio contrato.

h) Excepcionalmente procederase ao pago material mediante “*adeudo en conta*” cando así resulte esixido por normas de procedemento impostas por outras administracións públicas ou polas características ou natureza da obrigación a pagar.

4.- Establécese como medio xeral de pago a transferencia a través de Entidades Financeiras Colaboradoras.

5.- En todo caso, o pago material, por calquera dos medios establecidos, realizarase coa firma mancomunada do alcalde, o interventor e o tesoureiro, tanto no concello como nos seus organismos autónomos, ou persoas que legalmente substitúanlles.



Os cheques e as ordes de transferencias autorizaranse conxuntamente polo Presidente -ou, en caso de delegación, polo Concelleiro Delegado, o Interventor e o Tesoureiro do Concello ou dos Organismos autónomos dependentes.

Aínda que o Concello e os seus Organismos autónomos só quedarán liberados das súas obrigacións cando o cheque sexa feito efectivo polo acredor ou cando pola súa culpa se tivera prexudicado, segundo o establecido polo artigo 1.170 do Código civil, non obstante a simple entrega do mesmo poderá dar lugar a contabilizar a realización do pago, sen prexuízo da conciliación de saldos coas Entidades de depósito e ata da anulación de dita contabilización nos casos en que así procedese.

6.- Con carácter xeral, por razóns de seguridade, todos os cobros e pagos realizaranse mediante instrumentos bancarios, tales como cheques e ordes de transferencia, podendo realizarse o pago mediante transferencia por banca electrónica por razóns de axilidade e eficacia sempre que se realicen nunha contorna informática seguro e déixese constancia escrita das operacións.

7.- Unha vez expedidas as ordes de pago, con carácter obrigatorio, por así dispoñelo o Regulamento xeral de recadación, pola Tesourería municipal cruzaranse as mesmas coa base de datos de debedores en período executivo, compensándose ditas débedas co crédito a favor do terceiro na contía que corresponda.

8.- No non previsto nestas bases en materia de pagos, terá carácter supletorio o disposto na normativa do Ministerio de Economía e Facenda sobre o procedemento para o pago de obrigacións da Administración Xeral do Estado.

## **BASE 19.<sup>a</sup> – FICHA E FICHEIRO DE TERCEIROS OU INTERESADOS**

Todo acredor do Concello ou dos seus Organismos Autónomos, ben sexa acredor directo ou endosatario, deberá presentar unha solicitude de apertura ou, no seu caso, de modificación de datos de “*Ficha de terceiro*”, debidamente cumprimentada, para a ordenación de transferencia ao seu favor, segundo o modelo existente.

Dita ficha conterá os datos fiscais identificativos do terceiro e a súa conta corrente, certificada pola súa Entidade Financeira, a onde seranlle enviados os pagos municipais expedidos ao seu favor.

## **BASE 20.<sup>a</sup> – PAGO DE PREMIOS**

Os premios que consistan nunha entrega en metálico se evitarán entregar en efectivo no acto de imposición do mesmo. En dito acto poderá facilitarse un documento simbólico de ter obtido tal galardón, se ben a cantidade ou importe obxecto do premio se transferirá posteriormente, trala completa identificación do terceiro perceptor, ós efectos de evitar riscos innecesarios na custodia e traslado do metálico, así como da correcta práctica das



retencións fiscais que procedan tralas comprobacións pertinentes que permitan eludir a responsabilidade municipal.

## **BASE 21.<sup>a</sup> - TRANSFERENCIAS A FAVOR DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS DEPENDENTES DO CONCELLO E DOUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS**

As transferencias correntes concedidas nominativamente no Orzamento do Concello a favor dos Organismos autónomos dependentes deste, aprobaranse anualmente e pagaranse en doce prazos de igual contía, salvo que se dispoñan outros prazos no decreto anual de aprobación ou dificultades de tesourería impidan cumprir o devandito calendario.

## **BASE 22.<sup>a</sup> - ORDES DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR**

### **1.-Forma de expedición e execución das ordes de pago "a xustificar".**

a) Terán o carácter de "Pagos a xustificar" as cantidades que se libren para atender gastos orzamentarios, cando os documentos xustificativos dos mesmos, non poidan acompañarse no momento de expedir as correspondentes ordes de pago.

b) Será competente para autorizar e dispoñer pagos "a xustificar" o mesmo órgano que o sexa de acordo co tipo de gasto a que se refira, e aplicaranse aos correspondentes créditos orzamentarios.

c) As ordes de pago "a xustificar" se expedirán, sempre excepcionalmente, polo Alcalde ou Concelleiro en quen delegue, previo informe do Interventor, e a favor de Concelleiros, Xefes de Servizos e outros funcionarios municipais.

A expedición de ordes de pago "a xustificar" haberá de acomodarse ao plan de disposición de fondos da Tesourería que se estableza polo Alcalde, salvo no caso de que se trate de paliar as consecuencias de acontecementos catastróficos, situación que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten directamente á seguridade pública.

d) Os perceptores destas ordes de pago quedarán obrigados a xustificar a aplicación das cantidades percibidas no prazo máximo de tres meses a partir da percepción dos fondos, e sempre dentro do mesmo exercicio no que se concederon.

Para a xustificación das cantidades deberán utilizarse os impresos normalizados, aténdose aos principios de especialidade orzamentaria, orzamento bruto e anualidade orzamentaria. Igualmente deberán acompañarse debidamente relacionadas as facturas e demais documentos orixinais que xustifiquen a aplicación definitiva dos fondos librados.

Non poderán expedirse novas ordes de pago "a xustificar", polos mesmos conceptos orzamentarios, aos perceptores que tivesen no seu poder fondos pendentes de xustificación.



En ningún suposto libraranse ordes de pago "a xustificar" para satisfacer gastos xa realizados, e consecuentemente susceptibles de presentar xustificación, así como para sufragar gastos indefinidos e non especificados na correspondente solicitude.

## **2.- Situación e disposición dos fondos.**

Os fondos librados con este carácter poñeranse a disposición do perceptor sendo da súa exclusiva responsabilidade a custodia dos mesmos, así como o cumprimento das obrigacións fiscais que se deriven dos pagos, da súa aplicación e do reintegro das cantidades non xustificadas ou investidas.

## **3.- Contabilidade e control.**

Levarase un Rexistro especial de ordes a xustificar, onde se especifique o perceptor, concepto, importe e data límite para a xustificación.

Se non se xustificaron as cantidades percibidas, quince días antes do seu vencemento, poñerase en coñecemento dos perceptores a necesidade de proceder á xustificación debida.

## **4.- Aplicacións orzamentarias aos que son aplicables e límites cuantitativos.**

Só poderán expedirse ordes con este carácter para gastos incluídos no Capítulo II do Orzamento de Gastos do Concello ("Gastos en bens correntes e servizos"), e por un importe non superior a TRES MIL CINCO EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (3.005,06 euros) euros por cada orde, salvo cando concorran circunstancias excepcionais apreciadas polo ordenador de pagos.

## **5.- Réxime das xustificacións.**

A xustificación das ordes de pago deberá efectuarse ante a Intervención do Concello ou dos Organismos Autónomos dependentes deste, mediante a presentación das facturas orixinais expedidas con todos os requisitos esixidos pola lexislación vixente e outros documentos xustificativos da saída de fondos, coa dilixencia do responsable do Centro xestor do gasto de haberse recibido o ben, prestado o servizo ou realizada a obra de conformidade.

A conta xustificativa, con todos os documentos e o informe do Interventor, someterase á aprobación do Alcalde ou do Presidente Organismo autónomo.

De non renderse nos prazos establecidos a citada conta ou de non xustificarse documentalmente a aplicación dos fondos á finalidade para a cal foron concedidos, procederase a instruír expediente de alcance contra o perceptor, de conformidade coa Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, a Lei 7/1988, de funcionamento do Tribunal de Contas, o Título VII da Lei xeral orzamentaria e o Real decreto 700/1988, de 1 de xullo, sobre expedientes administrativos de responsabilidade contable.



**NARÓN**

## **BASE 23.<sup>a</sup> - ANTICIPOS DE CAIXA FIXA**

1.- Para as atencións correntes de carácter periódico ou repetitivo, tales como dietas, gastos de locomoción, conservación e reparación, libros, material de oficina non inventariable, víveres, conservación e outros de similares características, os fondos librados a xustificar poderán ter o carácter de anticipos de caixa fixa.

Os anticipos de caixa fixa poderán realizarse unicamente para atender gastos posteriormente imputables ao Capítulo II ("Gastos en bens correntes e servizos") do Orzamento de Gastos.

2.- Terán a consideración de anticipos de caixa fixa as provisións de fondos de carácter non orzamentario e permanente que se realicen a pagadurías, caixas e habilitacións para a atención inmediata e posterior aplicación ao Orzamento do ano en que se realicen, dos gastos a que se refire o apartado anterior.

3.- Os anticipos de caixa fixa serán autorizados polo Alcalde ou Presidente do Organismo autónomo, a petición motivada do servizo interesado, e previo informe da Intervención e da Tesourería. O seu importe non poderá exceder de 3.005,06 euros, ata un máximo total reposicións de fondos equivalente ao 50% da aplicación orzamentaria autorizada.

4.- Os fondos librados por este concepto terán, en todo caso, o carácter de fondos públicos, e formarán parte integrante da Tesourería da Entidade. Os intereses que produzan os referidos fondos serán ingresados na forma prevista nestas Bases, con aplicación ao oportuno concepto do Orzamento de Ingresos.

5.- A contía de cada gasto que se pagará con estes fondos será a fixada no Decreto de constitución do correspondente anticipo. Para a súa realización deberá seguirse a tramitación establecida en cada caso, da que quedará constancia documental. A conformidade e o "páguese" dirixido ao Caixeiro deberá figurar nas facturas, recibos ou calquera outro xustificante que reflecta a reclamación ou dereito do acredor.

6.- A medida que as necesidades de tesourería do anticipo de caixa fixa aconsellen a reposición de fondos, os habilitados renderán contas ante a Intervención, as cales, previa censura por esta, aprobaranse mediante Decreto da Alcaldía ou Resolución do Presidente do Organismo Autónomo.

7.- Aprobadas as contas, se expedirán as ordes de pago de reposición de fondos, polos conceptos e importes a que ascenden as cantidades debidamente xustificadas. Ademais, darase aplicación destas aos conceptos orzamentarios a que correspondan.

8.- Con carácter xeral, os fondos dos Anticipos de Caixa Fixa poderán estar situados en contas restrinxidas de pago de titularidade municipal, cuxo mesmo habilitado será o titular do Anticipo de Caixa Fixa, ou en contas de efectivo restrinxidas bancarias, e nelas non se poderán efectuar outros ingresos que os procedentes do Concello ou dos seus Organismos Autónomos, polas provisións e reposicións de fondos. As saídas de numerario de devanditas contas realizaranse mediante cheque nominativo, coas mesmas excepcións que





NARÓN

as establecidas na base sobre a realización do pago, ou orde de transferencia bancaria, destinándose tan só ao pago dos gastos para cuxa atención se concedera o anticipo de Caixa Fixa. Cando a contía do anticipo non sexa elevada, os fondos poderán estar en poder do habilitado, sendo este, en todo caso, responsable dos mesmos.

9.- As provisións iniciais e as reposicións destes fondos, así como a rendición de contas polos gastos atendidos polos mesmos, rexistraranse contablemente nos libros oficiais, de conformidade co disposto na Instrución de contabilidade para a administración local, e coas normas que no seu desenvolvemento establézanse na Resolución pola que se constitúe a Caixa Pagadora.

10.- A normativa xeral de adiantos de caixa fixa, serán de aplicación íntegra ao Padroado de Cultura coas seguintes particularidades:

a) Establécese un adianto de Caixa para Gastos Menores por importe total de 600 €, con cargo á partida 3340/22000, destinado exclusivamente a atender gastos correntes de carácter periódico ou repetitivo tales como material de oficina non inventariable, subministracións de produtos perecedoiros tales como alimentación, combustibles, material funxible, servizos de mantemento de edificios, instalacións e outros gastos menores de contía inferior a 150 €, e calquera outros de similar natureza que sexan imputables ao capítulo II do Orzamento Xeral de Gastos.

b) A provisión inicial de fondos para adiantos de caixa fixa rexistrarase como un movemento interno da Tesouraría dende unha conta operativa da entidade a outra da Tesouraría restrinxida de pagos.

Para situar os fondos correspondentes a cada centro como adianto de Caixa fixa procederase á apertura dunha conta corrente nunha entidade bancaria, individualizada polo centro, co título: "Padroado de Cultura do Concello de Narón, adianto de caixa fixa".

c) As disposicións de fondos das contas ás que se refire o apartado anterior efectuaranse mediante cheques nominativos ou transferencias bancarias, autorizadas polas sinaturas mancomunadas do director e xerente do centro ou, en defecto destes cargos, das persoas designadas ao efecto mediante resolución da Alcaldía.

d) Nos xustificantes de pago farase constar o número do cheque ou da transferencia co que se materializou a operación.

e) O pagamento que o caixeiro realice aos acredores finais rexistrarase cando se produza, sempre antes da elaboración da conta xustificativa. En calquera caso, a 31 de decembro deberán estar rexistrados todos os pagos realizados.

## **BASE 24.<sup>a</sup> - FUNCÍONS DOS CAIXEIROS-PAGADORES NOS ANTICIPOS DE CAIXA FIXA**





Os Caixeiros-Pagadores deberán realizar as seguintes operacións de comprobación en relación coas que realicen derivadas do sistema de anticipos de Caixa Fixa:

- a) Contabilizar todas as operacións nos libros determinadas ao efecto.
- b) Verificar que os comprobantes facilitados para a xustificación dos gastos e os pagos conseguintes sexan documentos auténticos e orixinais, que cumpren os requisitos fixados nas presentes Bases, e que neles figure o "páguese" da unidade administrativa correspondente.
- c) Identificar a personalidade e lexitimación dos perceptores mediante a documentación pertinente, no seu caso.
- d) Efectuar os pagos que se ordenen.
- e) Custodiar os fondos que se lle confiaron, e coidar de cobrar os intereses que procedan, para o seu posterior ingreso na Tesourería.
- f) Practicar os arqueos e conciliacións bancarias que procedan.
- g) Facilitar os estados de situación nas datas establecidas.
- h) Render as contas que correspondan, coa estrutura que determine a Intervención, a medida que as súas necesidades de Tesourería aconsellen a reposición de fondos utilizados, e necesariamente antes do fin de cada exercicio. En caso contrario non se repoñerán os fondos, sen prexuízo de esixir as responsabilidades previstas na normativa vixente.
- i) Custodiar e conservar os talonarios e matrices dos cheques ou, no seu caso, as relacións que serviran de base á súa expedición por medios informáticos. No suposto de cheques anulados deberán proceder a súa inutilización e conservación a efectos de control.
- k) Dispoñer a mellor dilixencia para evitar perdas ou substracións dos fondos, no caso de que se atopen no seu poder.

## **BASE 25.<sup>a</sup> – NORMAS XERAIS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS**

### **A) NORMAS XERAIS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS**

1. A execución do Orzamento de Ingresos rexerase:

- a) Polo TRLRFL aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo Real decreto 500/1990, de 20 de abril, que aproba o denominado Regulamento orzamentario das



entidades locais, pola Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 3 de decembro de 2008, que aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades locais.

b) Pola Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, polas demais leis do estado reguladoras da materia, e polo Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, así como polas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

c) Polas ordenanzas reguladoras dos tributos e prezos públicos e polas instrucións que no seu caso aprrobe o concello para regular a execución do Orzamento de Ingresos.

d) Por estas Bases.

2. Os dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas aplicaranse aos Orzamentos polo seu importe íntegro, quedando prohibido atender obrigas mediante minoración dos dereitos a liquidar ou xa ingresados, salvo que a Lei o autorice de modo expreso.

Exceptúanse da anterior disposición as devolucións de ingresos que se declaren indebidos por Tribunal ou autoridade competente así como o reembolso do custo dos avales aportados polos contribuíntes como garantía para obter a suspensión cautelar do pago das débedas tributarias impugnadas, en canto estas fosen declaradas improcedentes e dita declaración adquira firmeza.

Aos efectos do presente apartado entenderase por importe íntegro o resultante logo de aplicar as exencións e bonificacións que sexan procedentes e que serán obxecto de contabilización independente.

3. Os recursos que se obteñan na execución do Orzamento de Ingresos destinaranse a satisfacer o conxunto de obrigas, salvo que se trate de ingresos específicos afectados a fins determinados.

4. O seguimento das liquidacións e autoliquidacións dos ingresos municipais, o seu control, a expedición das mesmas, así como a súa aprobación, caso de que proceda, será competencia de cada unidade xestora.

Todas estas actuacións formarán parte do procedemento liquidatorio, distinto do procedemento recadatorio, que será levado a cabo pola Recadación municipal baixo as indicacións da Tesourería.

Os funcionarios de cada unidade xestora de ingreso serán responsables de que non exista demora na liquidación das mesmas, e que estas se producen na forma e prazos que determine a correspondente norma ou ordenanza fiscal.

5. Excepcionalmente e para o cobro de determinados ingresos municipais, prezos públicos ou taxas pola utilización de instalacións deportivas, espectáculos, etc. poderá autorizarse o cobro en metálico en taquilla ou a utilización de máquinas expendedoras de tickets, co debido control do cargo efectuado, si existise. O ingreso das contas recadadas por estes



conceptos deberá efectuarse en contas municipais o máis axiña posible, sen que devanditos fondos poidan utilizarse para a atención do pago de ningún tipo de gasto.

## **B) LIQUIDACIÓNS DE CONTRAÍDO PREVIO E INGRESO DIRECTO**

